



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE SANTIAGO



## CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO PARA O DESENVOLVEMENTO DO IV CIRCUITO DE CARREIRAS SAUDABLES denominado "CORRESAN".

### INTERVEÑEN

Dunha parte, **D. Martiño Noriega Sánchez** como Alcalde da Cidade de Santiago de Compostela, maior de idade, con domicilio a estos efectos no Pazo de Raxoi s/n na Praza do Obradoiro, con código postal 15705 e con CIF.: P 1507900 G.

Da outra parte, **D. Isidoro Hornillos Baz** como Presidente da Federación Galega de Atletismo, maior de idade, con domicilio a estos efectos na Avda. de Glasgow , 13 (Complejo deportivo de Elviña) na cidade de A Coruña, con Código Postal 15008, de acordo cos Estatutos desta institución e con CIF.: G-15103500.

Ambas partes recoñecen reciprocamente personalidade xurídica e capacidade legal bastante para obrigarse en dereito e subscribir o presente Convenio de Colaboración co obxecto de desenvolver en Santiago de Compostela o **IV Circuito de Carreiras Saudables "CorreSan"**, polo que

### EXPOÑEN

**I.-** Que a **FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO (en adiante FEDERACIÓN)** segundo se establece na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia respecto das Federacións Deportivas Galegas (artigo 51) é unha entidade de natureza privada, sen ánimo de lucro, que goza de personalidade xurídica propia e de plena capacidade de obrar cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, establecéndose que unicamente se recoñecerá unha federación por cada modalidade deportiva no territorio galego.

**II.-** Que a **FEDERACION** nos seus propios estatutos define como unha das súas funcións fundamentais a de promover, facilitar, planificar, administrar e dirixir, con carácter exclusivo, a práctica do atletismo na Comunidade Autónoma de Galicia.

**II.-** Que o **CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (en adiante CONCELLO)** ten interese en promocionar a práctica do atletismo na cidade polo que acordou coa **FEDERACIÓN** participar no desenvolvemento dunha serie de probas populares enmarcadas dentro do IV Circuito de carreiras saudables "CorreSan" a celebrar no termo municipal, o que leva a efecto por medio do presente documento, polo que

## CONVEÑEN

1.- A FEDERACIÓN na súa intención de promocionar o atletismo comprométese co CONCELLO a organizar, dentro do seu termo municipal, o *IV CIRCUITO DE CARREIRAS SAUDABLES denominado "CorreSan"*, que estará formado por un total de catro probas atléticas de carácter popular a celebrar en diferentes espazos e vías públicas de Santiago entre os meses de xullo a novembro de 2015, ambos inclusive, comprometéndose ao seguinte:

1.1.- A elaborar un Regulamento de Competición que defina as condicións de participación en base a criterios de deportividade, xogo limpo e non discriminación, no que se recollerá a información necesaria para garantir os dereitos e deberes dos interesados, así como, o resto de requisitos que sexa propios dunha actividade destas características (categorías dos participantes, premios, tipos e fórmulas de inscrición, ...).

1.2.- A elaborar e deseñar os percorridos de cada unha das catro carreiras que formarán parte deste circuito, que deberán contar co visto e prace da Policía Local e do Departamento de Deportes do Concello de Santiago.

1.3.- A adoptar todas as medidas organizativas que sexan obrigatorias e recomendábeis para garantir o correcto desenvolvemento das diferentes carreiras, sendo por conta da Federación a tramitación dos permisos oportunos ante os organismos públicos ou privados que correspondan.

1.4.- A contratar o seu cargo un seguro en contía suficiente e con entidade de recoñecida solvencia, con cobertura de responsabilidade civil que puidera derivarse por actuacións do persoal dependente, terceiros subcontratados, ou calquera das persoas físicas ou xurídicas que participen nesta organización.

Así mesmo, definirá os procedementos que considere oportunos para que os participantes dispoñan dun seguro básico de accidentes, con cobertura para o día/s da competición/s.

1.5.- A incluír en toda a cartelería e demais documentación, o anagrama do Concello de Santiago, así como, a colocar en espazos preferentes nos circuitos de cada unha das probas a publicidade institucional que se determine. Os espazos publicitarios a ocupar serán os que se definan a través do Departamento de Deportes, tendo carácter prioritario na elección dos mesmos.

De existir entidades con interese en patrocinar este circuito, a Federación deberá trasladar toda a información ao respecto ao Concello de Santiago para a súa valoración, informando do tipo de patrocinio que ofrecen os interesados. En ningún caso, a publicidade de terceiros poderá condicionar ou limitar a da propia Federación Galega ou a do Concello de Santiago.

1.6.- A presentar un orzamento estimado de gastos, detallado por conceptos, no que se incluírán todos os necesarios para poder desenvolver coas máximas garantías este circuío de carreiras.

2.- Pola súa parte, o **CONCELLO** obrígase coa **FEDERACIÓN** nos seguintes termos e condicións:

2.1.- A nivel administrativo, mediante a tramitación dos permisos oportunos que sexan competencia propia municipal tales como peche de rúas, ocupación de espazos e viais públicos, etc., dando as máximas facilidades para que este programa de carreiras poida levarse a cabo sen dificultade.

2.2.- A nivel loxístico, poñendo a disposición destas probas efectivos de policía local e protección civil segundo os recursos existente e disponibles no momento de celebración das mesmas, así como, medios físicos tipo vallas, conos, sinaléctiva, etc., co fin de facilitar o seu desenvolvemento.

2.3.- A nivel económico, aportando á cantidade máxima de 10.000 €, polo desenvolvemento deste IV Circuíto de Carreiras Saudables denominado "CorreSan" que se satisfarán con cargo á aplicación orzamentaria 020 34100 22609. En todo caso, a participación municipal xunto co resto de ingresos e outras axudas públicas e/ou privadas que poidan xerarse non poderá sobrepasar o custo total da actividade, podendo reducirse se fora preciso a aportación municipal prevista.

2.4.- Unha vez finalizadas as probas, e no momento da xustificación da aportación municipal, a **FEDERACIÓN** deberá presentar a seguinte documentación sempre antes do 30 de novembro:

- Unha certificación asinada polo Secretario co visto e prace do Presidente na que se detalle a totalidade dos gastos executados e ingresos xerados durante a celebración destas actividades.
- Unha copia de todas as facturas abonadas a terceiros segundo a relación de gastos presentada. Aqueles que sexan directamente realizados pola propia **FEDERACIÓN** deberán de acreditarse cun certificado federativo polo total dos mesmos (exemplo: xuíces, cronometraxe,..).
- Unha memoria na que deberá incluírse datos de participación e clasificacións en cada unha das probas, recortes de prensa, fotografías e demais documentos que acrediten o cumprimento do recollido no presente convenio.

3.- O **CONCELLO** no marco de execución deste convenio, resérvase a facultade de seguimento e inspección das diferentes probas atléticas, podendo transmitir as indicacións que considere oportunas á organizador co fin de colaborar no seu correcto desenvolvemento. A tal efecto, a **FEDERACIÓN** como organizadora deberá de nomear



un interlocutor, con capacidade de decisión, que será a persoa de contacto co Concello para cantas cuestións poidan xerarse no desenvolvemento destas actividades.

4.- O presente convenio estará vixente ata o 30 de novembro do presente ano.

**5.- Protección de datos.**

As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de regulamentación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal e o Real Decreto 1720/2007 de 21 de decembro polo que se aproba o seu regulamento.

**6.- Causas de resolución.**

Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo e, concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico.<sup>o</sup>
- c) Mutuo acordo entre as partes

7.- O presente Convenio ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, segundo o sinalado no seu art. 4.1.c), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno Local, pondo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interperse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdicción. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

E para que así conste, asinan por duplicado o presente convenio, en Santiago de Compostela a 24 de xullo de 2015.

POLA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO,

POLO CONCELLO DE SANTIAGO,



Asdo.: **Isidoro Hornillos Baz**  
PRESIDENTE

Asdo.: **Martiño Noriega Sánchez**  
ALCALDE